



SEÑORA QUE PASEA POLA RÚA CON DOUS CANS PRECIOSOS

A segunda actividade do programa FalaRedes 2018, sen deixar de servir aos obxectivos de promoción do galego que guían dende sempre este programa de dinamización lingüística, constitúe tamén unha homenaxe á autora a quen a Real Academia Galega lle dedica este ano o Día das Letras Galegas: María Victoria Moreno.

En abril e maio FalaRedes réndelle homenaxe á autora a quen se lle dedica este 2018 o Día das Letras Galegas: María Victoria Moreno. Faino coa peza teatral Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos, un percorrido pola vida e a obra da escritora, que se definía a si mesma coas palabras que lle dan título á obra. Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos está dirixida a todos os públicos a partir dos 14 anos e chegará durante abril e maio a 9 concellos da Rede de Dinamización Lingüística.

A obra é levada a escena pola compañía Matrioshka, coa dirección e dramaturxia de Gena Baamonde e a interpretación de Anabel Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo. O texto foi elaborado polo propio grupo teatral, logo de falar cun gran número de persoas que coñeceron e trataron a María Victoria Moreno e botando man de diferentes fragmentos das obras da autora. A representación une poesía, amor, fantasía e humor, elementos moi presentes na produción literaria da escritora que chegan ao escenario como homenaxe "a todas as persoas que nos arroupan e nos dan guía. A todas esas figuras que, estean presentes ou non, nos serven de compás e nos fan medrar". Tamén, en recordo da paixón pola docencia da homenaxeada, "ás mestras de vida, encarnadas para nós en María Victoria Moreno, sempre entregada nas aulas e nos libros, sempre apaixonada, comprometida e honesta".

Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/falaredes



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

SEÑORA QUE PASEA POLA RÚA CON DOUS CANS PRECIOSOS

ABRIL

- Venres 20: **Sanxenxo**, IES de Vilalonga, ás 12:00 horas
- Venres 20: **Sanxenxo**, no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán, ás 21:00 horas
- Sábado 21: **Xinzo de Limia**, no Auditorio Municipal "Ángel Cocho" da Casa da Cultura, ás 19:30 horas
- Venres 27: **Vilagarcía de Arousa**, no Salón García, ás 21:00 horas
- Sábado 28: **Boqueixón**, na Casa da Cultura de Camporrapado, ás 20:00 horas
- Domingo 29: **Valga**, no Auditorio Municipal, ás 19:00 horas



MAIO

- Martes 1: **Viveiro**, no Teatro Pastor Díaz, ás 19:00 horas
- Venres 4: **Boiro**, na Casa da Cultura Ramón Martínez López, ás 21:00 horas
- Sábado 5: **Noia**, no Teatro "Coliseo Noela", ás 21:00 horas
- Domingo 6: **O Carballiño**, no Auditorio Municipal do Carballiño, ás 18:00 horas

